

# MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**18684** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1048/2003, do 1 de agosto, sobre ordenación do sector pesqueiro e axudas estruturais. («BOE» 242, do 9-10-2003.)*

Advertidos erros no Real decreto 1048/2003, do 1 de agosto, sobre ordenación do sector pesqueiro e axudas estruturais, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 11 en lingua galega, do 1 de setembro de 2003, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1901, artigo 18, sexta liña do seu parágrafo único, onde di: «artigo 68», debe dicir: «artigo 67».

Na páxina 1902, artigo 36, alínea b), débese engadir: «con excepción dos preceptuados no artigo 27 deste real decreto».

Na páxina 1902, artigo 39, terceira liña, onde di: «que as transmitirán», debe dicir: «que as tramitarán».

Na páxina 1907, artigo 67, punto 2, liña 2.<sup>a</sup>, onde di: «punto 1a)», debe dicir: «punto 1».

Na páxina 1909, o cadro 3 debe ser substituído integramente polo seguinte:

CADRO 3

	Grupo 1 — Porcentaxe	Grupo 2 — Porcentaxe	Grupo 3 — Porcentaxe	Grupo 4 — Porcentaxe
Rexións do obxectivo 1*.	50 ≤ A ≤ 75 B ≥ 25	A ≤ 35 B ≥ 5 C ≥ 60	A ≤ 35 B ≥ 5 C ≥ 40	A ≤ 75 B ≥ 5 C ≥ 20
Comunidades autónomas de Andalucía, Galicia, Castilla-La Mancha, Extremadura e Cidades de Ceuta e Melilla.	50 ≤ A ≤ 80 B ≥ 20 **	A ≤ 35 B ≥ 5 C ≥ 60	A ≤ 35 B ≥ 5 C ≥ 40	A ≤ 75 B ≥ 5 C ≥ 20
Comunidade Autónoma de Canarias.	50 ≤ A ≤ 85 B ≥ 15	A ≤ 40 B ≥ 10 C ≥ 50 ***	A ≤ 50 B ≥ 5 C ≥ 25 ****	A ≤ 75 B ≥ 5 C ≥ 20
Outras zonas.	25 ≤ A ≤ 50 B ≥ 50	A ≤ 15 B ≥ 5 C ≥ 60	A ≤ 15 B ≥ 5 C ≥ 60	A ≤ 50 B ≥ 5 C ≥ 30

## XEFATURA DO ESTADO

**18920** *LEI 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorpora-la valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno. («BOE» 246, do 14-10-2003.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller que tivo lugar en Pekín (Beijing) en 1995 renovou o compromiso da comunidade internacional para logra-la igualdade entre os xéneros, así como o desenvolvemento e a paz para tódalas mulleres. Nela convidáronse os gobernos e os demais axentes a «integra-la perspectiva de xénero en tódalas políticas e programas para analizar as súas consecuencias para as mulleres e os homes respectivamente, antes de tomar decisións».

Os gobernos, o sistema das Nacións Unidas e a sociedade civil foron realizando considerables esforzos co fin de logra-la equidade entre os xéneros en tódolos ámbitos. Non obstante, o proceso foi lento e errático, as preocupacións da muller aínda teñen unha prioridade secundaria nalgunhas partes do mundo.

Por iso, do 5 ó 9 de xuño de 2000, levouse a cabo un período extraordinario de sesións da Asemblea Xeral co fin de facer unha avaliación quinquenal, coñecida como Beijing+5, o tema da cal foi «A muller no ano 2000: igualdade entre os xéneros, desenvolvemento e paz no século XXI», e durante ela analizáronse os mecanismos para incrementa-la responsabilidade dos gobernos no cumprimento do mandato que figura na Plataforma de Acción, reiterando a necesidade de aplicar de xeito completo e rápido a dita plataforma.

No ámbito da Unión Europea, coa entrada en vigor o día 1 de maio de 1999 do Tratado de Amsterdam, iniciouse unha nova etapa no proceso de construción europea e especialmente en materia de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Neste contexto, a promoción da igualdade entre homes e mulleres en tódalas políticas e a eliminación das desigualdades constitúe unha das prioridades que hai que ter en conta no deseño das políticas da Unión Europea.

Posteriormente, a proclamación solemne polo Parlamento, o Consello e a Comisión da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, con ocasión do Cumio Europeo que tivo lugar en Niza, supuxo un avance máis na consecución da igualdade respecto do Tratado de Amsterdam.

No seo da Unión Europea e como complemento ós obxectivos da acción comunitaria prevista para a promoción da igualdade entre mulleres e homes, aprobouse a Decisión do Consello do 20 de decembro de 2000, pola que se establece un programa de acción comunitaria sobre a estratexia que hai que seguir en materia de igualdade entre homes e mulleres (2001-2005), destacando que nela se articula a avaliación do impacto en función do sexo en distintos ámbitos de intervención da estratexia marco comunitaria (vida económica, social, vida civil, roles, etc.), como unha das accións que hai que emprender para o logro dos obxectivos mencionados no referido programa.

Por outro lado, a Comisión da Unión Europea, ante a constatación de que decisións políticas que, en principio, parecen non sexistas, poden ter un diferente impacto nas mulleres e nos homes, malia que a dita consecuencia nin estivese prevista nin se desexase, aprobou unha comunicación sobre a transversalidade «mainstreaming» como un primeiro paso cara á realización do compromiso da Unión Europea de integra-la perspectiva de xénero no conxunto das políticas comunitarias e elaborou unha «Guía para a avaliación do impacto en función do xénero» deseñada para proxectarse no seo da Comisión con obxecto de evitar consecuencias negativas non intencionais que favorezan situacións de discriminación e para mellora-la calidade e a eficacia das políticas comunitarias.

**Artigo primeiro.** *Modificación do artigo 22.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.*

Modifícase o punto 2 do artigo 22 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, que quedará redactado do seguinte xeito:

«2. O procedemento de elaboración de proxectos de lei a que se refire o punto anterior, iníciase no ministerio ou ministerios competentes mediante a elaboración do correspondente anteproxecto, que irá acompañado pola memoria, os estudos ou informes sobre a súa necesidade e oportunidade, un informe sobre o impacto por razón de xénero das medidas que se establecen nel, así como por unha memoria económica que conteña a estimación do custo a que dará lugar.

En todo caso, os anteproxectos de lei deberán ser sometidos a informe da Secretaría Xeral Técnica.»

**Artigo segundo.** *Modificación do artigo 24.1.b) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.*

Engádese un segundo parágrafo no punto 1.b) do artigo 24 da Lei 50/1997, do Goberno, coa seguinte redacción:

«En todo caso, os regulamentos deberán ir acompañados dun informe sobre o impacto por razón de xénero das medidas que se establecen neles.»

**Disposición derogatoria única.**

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nesta lei.

**Disposición derradeira única.**

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 13 de outubro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**18925** *REAL DECRETO 1275/2003, do 10 de outubro, relativo ós complementos alimenticios.* («BOE» 246, do 14-10-2003.)

Existe na Unión Europea un crecente número de produtos comercializados en calidade de alimentos que conteñen fontes concentradas de nutrientes e que se presentan coa finalidade de complementa-la inxestión de tales nutrientes na dieta normal.

En circunstancias normais, unha dieta adecuada e equilibrada proporciona tódolos nutrientes necesarios para o normal desenvolvemento e mantemento dun organismo san. Sen embargo, as investigacións realizadas demostran que esta situación ideal non se dá na práctica para tódolos nutrientes nin para tódolos grupos de poboación.

Por causa dos modos de vida ou por outras razóns, os consumidores poden decidir incrementa-la inxestión dalgúns nutrientes mediante complementos alimenticios.

Co obxecto de garantir un elevado nivel de protección dos consumidores e de facilitarlle-la elección, é necesario que os produtos comercializados non presenten perigo e as súas etiquetas sexan adecuadas e suficientes para facilitarlle a información ó consumidor.

Existe unha ampla gama de nutrientes e outros elementos que poden estar presentes nos complementos alimenticios, incluíndo, entre outros, as vitaminas, minerais, aminoácidos, ácidos graxos esenciais, fibra, diversas plantas e extractos de herbas.

Por outra parte, existe actualmente unha ampla gama de preparados vitamínicos e substancias minerais, que se están comercializando nalgúns Estados membros, ó abeiro da denominación de complementos alimenticios, que aínda non foron avaliados polo Comité Científico da Alimentación Humana e que, por conseguinte, non están incluídos nas listas positivas. Cómpre que estes preparados e substancias sexan presentados urxentemente á Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria para que esta os avalíe, tan pronto como as partes interesadas presenten os expedientes adecuados.

É esencial que as substancias químicas utilizadas como fontes de vitaminas e minerais na fabricación dos complementos alimenticios non só non presenten perigo, senón tamén que estean dispoñibles para o organismo. En consecuencia, convén establecer normativamente unha lista positiva destas substancias. Na fabricación dos complementos alimenticios poden, así mesmo, empregarse as substancias que fosen aprobadas polo Comité Científico da Alimentación Humana sobre a base dos criterios mencionados para a súa utilización na fabricación de alimentos destinados a lactantes e a nenos de curta idade, e outros alimentos para usos nutricionais particulares.

Neste real decreto establécense as normas específicas para as vitaminas e os minerais utilizados como ingredientes nos complementos alimenticios.

Nunha fase posterior, sempre que se dispoña de datos científicos adecuados e non fosen regulados no ámbito da Unión Europea, poderán adoptarse normas específicas relativas ós restantes nutrientes ou outras substancias cun efecto nutricional ou fisiolóxico utilizadas como ingredientes nos complementos alimenticios.

Tendo en conta que os consumidores poden decidir complementa-la súa inxestión de nutrientes mediante o consumo destes produtos, e considerando que unha inxestión excesiva e continuada destes pode ter efectos prexudiciais para a saúde, cómpre fixar uns niveis máximos que permitan garantir que a utilización normal destes produtos, de acordo coas instrucións de uso dadas polo fabricante, non presenta perigo para os consumidores.

En tanto en canto na Unión Europea non se fixen niveis máximos de nutrientes ou outras substancias con efecto nutricional ou fisiolóxico, para efectos dos complementos alimenticios, teranse en conta os informes do Comité Científico da Alimentación Humana e dos organismos internacionais de recoñecida solvencia científica.

Tamén, para garantir que estes produtos permitan conseguilo propósito de complementa-la inxestión destas vitaminas e minerais na dieta habitual, o contido de tales substancias deberá encontrarse en cantidades significativas.

Para facilitar un mellor control destes produtos ante un posible risco de que se produzan efectos adversos non previsibles no momento actual de acordo cos coñecementos científicos, deberase notifica-la súa posta no mercado nacional.